

Elementos literarios femininos na poesía de Rosalía de Castro

M^a Camino Noia Campos

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOIA CAMPOS, M^a CAMINO (2011 [1986]). “Elementos literarios femininos na poesía de Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 265-281. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1557>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NOIA CAMPOS, M^a CAMINO (1986). “Elementos literarios femininos na poesía de Rosalía de Castro”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 265-281.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ELEMENTOS LITERARIOS FEMININOS NA POESÍA DE ROSALÍA CASTRO *

M^a CAMINO NOIA CAMPOS

Universidade de Santiago

É xa un tópico entre os estudiosos da obra poética de Rosalía Castro aplicarlle características literarias masculinas. Para os comentaristas e críticos rosalianos tanto os temas cantados por ela como o tratamento que fai non se axustaban ó modo de escribir que viñan tendo as mulleres, máis tendentes a utilizar un lirismo sentimental no que se cantaban as flores, a leda natureza ou os amores idílicos.

O poeta modernista Díez Canedo, comentando a poesía rosaliana di:

Su parentesco con Becquer y con Heine no se puede negar. Es de la misma familia poética (...) Pero la poetisa gallega, que *es más varonil que Becquer*, tiene dignamente un lugar propio. Carece de ironía, aunque a veces llegue al sarcasmo; y *hay en ella menos ternura que pasión*. (1)

Para Díez-Canedo, Rosalía escribe aínda con máis “varonilidade” cós propios varóns; afirma que carece de ironía, rasgo considerado como masculino (2), pero non lle faltan outras características inadecuadas ó sexo feminino. Verdadeiramente o comentario de Díez-Canedo danos a temperatura sexista da época. Rosalía, como muller que era, tiñase que limitar a canta-lo reducido mundo que se lle asignaba como propio, o referente á órbita doméstica, ós temas cotiáns: os fillos, o fogar, a natureza; e todo isto cantado con grande sensiblería. Os homes, en troques, tiñan para eles o mundo interior: das paixóns, da alma, da metafísica; e o mundo exterior: o social, a patria, cantado con grandes doses de paixón e sen facer concesións á tenrura.

(*) Ó pe dos versos de Rosalía Castro aparecen as siglas da obra á que corresponden os versos, seguidas dun número. As siglas C.G. son de *Cantares Gallegos*, F.N. de *Follas Novas* e O.S. de *En las orillas del Sar*. Os números fan referencia ás páxinas con que estas obras van numeradas na edición: Rosalía Castro, *Obras Completas*, Ed. Aguilar, Madrid, 1960 (5ª ed.).

Aínda que nesta edición os textos rosalianos non aparezan reproducidos con absoluto rigor, é unha das edicións máis completas polo número de poesías que recolle.

(1) Díez-Canedo, Enrique, “Una precursora”, Apéndice á edición de *En las orillas del Sar*, de Rosalía Castro, publicada en Madrid, en 1909, p. 195.

(2) Menéndez Pelayo, Marcelino, *Estudios y discursos de crítica histórica y literaria*, t. V, das *Obras Completas*, C.S.I.C., Ed. Aguilar, Madrid, 1942: “Admiré siempre en Heine la perfección insuperable de la frase poética, lo bruñido y sobrio de la expresión, pero casi siempre me parecían sus cantos vacíos de contenido y realidad. Y aún pasando más adelante, me parecían hasta insípidos y vagamente sentimentales, recreándome a lo sumo los rasgos irónicos, que forman, por así decirlo, el elemento masculino de esta poesía” (p. 408).

Hoxe, con novas perspectivas, e despois de ter sometido a obra de Rosalía a diferentes tipos de análises, xa non se pode mante-lo esquema das súas características masculinas.

Rosalía escribe desde a súa feminidade, cos criterios dunha muller concienzada polo mundo que lle tocou vivir, ante o cal tomou partido. Non lle interesa canta-lo reducido mundo do fogar nin tampouco canta-las flores nin a placidez do amor e da natureza. O pulo para escribir encóntrao na terra, nos problemas e miserias que padecen os seus paisanos, así como na súa propia vida atormentada. Rosalía confunde a vida coa obra, as dúas están estreitamente imbricadas. Ela mesma o explica no limiar de *Follas Novas*:

Galicia era n'os *Cantares* ò obxecto, à alma enteira, mentras que n'este meu libro d'hoxe, às veces, tan soyo a ocasión, anque sempre ó fondo d'o cuadro: que si non pode se non c'a morte despirse o esprito d'as envolturas d'a carne menos pode o poeta prescindir d'ò medio en que vive e d'a Natureza que ó rodea, ser alleo a seu tempo e deixar de reproducir, hastra sin pensalo, á eterna e laiada queixa que hoxe eisalan todo-l-os labios. Por eso iñoro ó que haxa n'ò meu libro d'os propios pesares, ou d'os alleos, anque ben pode telos todos por meus. (F.N., 417).

Na obra poética de Rosalía hai dous motivos fundamentais de inspiración, dos que ela é plenamente consciente: a terra galega e o seu propio ser, estimulados ambos polos avatares da súa vida singular:

Mais as cousas teñen que ser com'as fan as circunstancias, e s'eu non poden nunca fuxir ás miñas tristezas, os meus versos menos. Escritos n'o deserto de Castilla, pensados e sentidos n'as soidades d'a Natureza e d'o meu corazón, fillos cativos d'as horas de enfermidade e d'ausencias, refrexan, quísais con demasiada sinceridade, ò estado do meu esprito unhas veces; outras, á miña natural disposición (que n'en balde son muller) a sentir como propias as penas alleas. ¡Ay!, a tristeza, a musa d'os nosos tempos, conóceme ben, e de moitos anos atrás; mírame como súa, é outra como eu, non me deixa un momento, n'inda cando quero falar de tantas cousas com'andan hoxe, n'aire e nò noso corazón. (F.N., 416).

E algo máis adiante engade:

Despois d'o xa dito, ¿tendrei que añadir qu'este meu libro n'é, en certa maneira fillo d'a mesma inspiración que dou de si os *Cantares Gallegos*? Paréce-me que non. Cousa este último d'os meus días de esperanza e xuventude, ben se ve que ten algo d'á frescura propia d'á vida que comenza. (F.N., 417)

Nestas longas citas queda ben claro cal era a fonte de inspiración de Rosalía, poetisa en galego. Feito que contrasta coas fontes de inspiración nas que bebían os poetas románticos. Ciplijauskaite (3) indica que para Zorrilla, por exemplo, a

(3) Ciplijauskaite, Birute, *El poeta y la poesía* (Del Romanticismo a la poesía social), Ed. Insula, Madrid, 1966, p. 66.

inspiración é “O Deus da Igrexa Católica” e a “Patria”, mentras que para Becquer é un misterio (“Sacudimiento extraño que agita las ideas”). Estes poetas dicíanse inspirar en realidades abstractas, prescindindo do mundo do seu entorno.

Rosalía é máis sincera, máis realista, escribe como unha muller sen estereotipos. Quizais a razón estea en que a nosa autora non buscaba a gloria literaria e non se sinte obrigada a someterse ós esquemas literarios da súa época.

Pero Rosalía, coa humildade dunha muller decimonónica, vítima dos condicionamentos sociais, dubida de que a poesía que escribe e os temas de que fala se correspondan coas formas propias da literatura de mulleres, e así di:

D’aquelas que cantan as pombas y as frores
 todos din que teñen alma de muller
 Pois eu que n’as canto, Vixe d’a Paloma
 ¡Ay!, ¿de qué a teréi? (F.N., 421)

Facer afirmacións no terreo nas diferencias de sexo, que existen no texto literario é, aínda hoxe, arriscado e, na maioría dos casos, provoca controversias. Lamentablemente non podemos partir de estadísticas verificadas pola socioloxía nin siquiera partir dunhas propostas avaladas pola crítica literaria.

Partimos da base de que non existe razón biolóxica ningunha para que ámbolos dous sexos estean incapacitados para ter un pensamento central e unha mesma actitude cara a realidade, que se poida manifestar nun discurso común, posiblemente universal. Pero o que si é certo é que a muller está condicionada pola diferenza de sexo e mantén un tipo de relación social distinta da que mantén o home. A muller, que durante séculos, se limitou a xogar o papel de nai e de coidadora da familia, relaciónase coa sociedade a título personal, dunha forma individual, é a gardadora do privado, o seu mundo limitábase ás paredes da súa casa. O home, en cambio, tamén a causa do papel xogado ó longo da historia, sábese elemento formante dunha colectividade e, polo tanto, protagonista dos cambios sociais. Esta diferenza maniféstase en calquera aspecto da vida, e tamén no discurso literario. Pero, así como ninguén discute hoxe que as diferencias sexuais se manifestan en moitos aspectos do comportamento humano, as diferencias nos textos literarios non aparecen suficientemente evidentes e, polo tanto, resultan moi discutibles entre os comentaristas e críticos.

Nas análises de textos literarios feitas recentemente sobre un corpus amplo de relatos escritos por ámbolos dous sexos, chegouse á conclusión de que existen unhas características que se repitan nas obras literarias de mulleres e das que, na maioría dos casos, carecen os textos escritos por homes (4).

(4) Sobre a escrita literaria de mulleres, pódense consultar algúns destes libros e artigos: Araujo, Elena: “¿Escritura femenina?”, *Escandalar*, 15, New York, 1981, pp. 32-36. Traba, Marta: “Hipótesis sobre una escritura diferente”, *Quimera*, 13, Barcelona, 1981, pp. 9-11. Woolf, Virginia: *La torre inclinada*, Ed. Lumen, Barcelona, 1977. Leclerc, Annie: *Parole de femme*, Ed. Grasset, Paris, 1974. Riera, Carmen: “Escritura femenina: ¿Un lenguaje prestado?”, *Quimera*, 18, pp. 10-12. García, Evelyn: “¿Lee y escribe la mujer en forma diferente al hombre?”, *Quimera*, 23, 1982, pp. 54-57.

A muller escritora soe preguntarse por ela mesma, en función do seu sexo e do seu lugar no mundo. Mantén unha moralidade moi estricta consigo e cos outros, polo que é frecuente que se interroga sobre o seu comportamento, fundamentalmente no aspecto amoroso. Nos textos de mulleres aparece como tema recorrente a recreación da infancia e da adolescencia, a muller tende a vista cara atrás, volve ó pasado para analiza-los actos e vivencias doutro tempo.

As escritoras confían, ademais, no discurso directo, inmediato, para facilitala boa comunicación cos lectores. Con frecuencia pártese de experiencias persoais, vividas ou aprehendidas, e así os textos femininos son máis espontáneos. Por outra parte tamén é característico das mulleres escritoras empregar fortes doses de emotividade, de afectividade, e mesmo de sensualidade para caracterizar ás persoas e ós obxectos, que soen facer referencia ó mundo doméstico. A racionalidade é máis caracterizadora de conductas masculinas.

Neste artigo imos estudar os elementos que na obra poética rosaliana nos parecen caracterizadores da súa feminidade, en moitos casos equivalentes a elementos auténticos ou orixinais. Para isto analizaremos cálf a finalidade coa que escribiu os poemas, e logo veremos-lo tratamento que fai dalgúns temas, ó meu criterio, os fundamentais na súa poesía.

Finalidade da poesía

Recollendo as afirmacións de Ciplijauskaite sobre os primeiros románticos, aparece como o propósito principal da súa poesía suscitar emocións, esperta-la imaxinación e provoca-lo sentimento. Os últimos románticos insisten na capacidade que ten a poesía para suxerir máis ca para decir. Pero por riba de todo, o propósito fundamental da poesía é en todos estes escritores a gloria que lle trae ó poeta:

Los románticos revolucionarios anhelan la inmortalidad como el único pago de su vida mezquina e incomprendida (...) Lo que les preocupa principalmente es la inmortalidad de su nombre. Los posteriores parecen tan absortos en el mundo de la poesía, que ni siquiera se preguntan por lo que pasará con ellos mismos, con su persona. Hablan de la inmortalidad pero de la inmortalidad de la poesía. (5)

A Rosalía Castro de *Cantares Gallegos* e de *Follas Novas* non lle preocupa a gloria que poida acadar, nin o fin que cheguen a conseguí-los seus poemas. No prólogo de *Cantares* declara que está animada por “un bo deseo pra cantar as bellezas d’a nosa terra”, e no Limiar de *Follas* comenza dicindo: “Gardados estaban, ben podo decir que pra sempre estes versos, e xustamente condenados pola súa propia índole á eterna olvidanza, cando non sin verdadeira pena, vellos compromisos obrigáronme a xuntalos de presa e correndo, ordenalos e dalos á estampa”. Nada pode explicarnos mellor as razóns que había en Rosalía para publicar.

(5) *Op. cit.*, p. 66.

Escribir era para Rosalía unha necesidade; como xa vimos, estaba motivada tanto por pulos internos como por motivacións externas. O feito da publicación, co que trae de perduración da poesía non o tiña como finalidade.

Esta diferenza de obxectivos entre os poetas románticos e a nosa autora diante da publicación poética, resulta significativa para entendérmo-lo traballo literario das mulleres. A escritora cando se pon a escribir non ten aspiracións, ten necesidades. Rosalía no seu tormento existencial escribe por unha necesidade de comunicación consigo mesma, pero escribe a pesar dela. Vista desde esta característica, preséntasenos como unha escritora antiromántica, non está nos seus fins nin a gloria literaria, nin suxerir imaxes, soamente intenta baleira-la súa alma falando do que sinte: os seus conflitos personais e a miseria do entorno.

Pero a despreocupación pola gloria literaria que manifesta Rosalía nos libros galegos non é tal na súa última obra, *En las orillas del Sar*, onde o seu compromiso co Romanticismo do seu tempo é evidente. Xa no primeiro poema do libro fala do obxectivo que pretende acadar coa publicación, obxectivo que coincide plenamente co exposto anteriormente respecto ós poetas románticos:

Aunque no alcancen gloria,
Pensé escribiendo libro tan pequeño,
Son fáciles y breves mis canciones,
Y acaso alcancen mi anhelado sueño
Pues bien puede guardarlas la memoria
Tal como pese al tiempo y a la distancia
y al fuego asolador de las pasiones
Sabe guardar, las que aprendió en la infancia,
cortas, pero fervientes oraciones.
Por eso son, aunque no alcancen gloria,
Tan fáciles y breves mis canciones. (O.S., 575)

Neste libro encontramos unha Rosalía distinta á das obras galegas, menos “feminina”, no sentido de menos auténtica e menos orixinal. Tal como o facía Becquer, Rosalía reivindicaba a liberdade e a gloria do poeta:

Y a mi corazón le dije: “Si no es vano tu ardimiento
Y en ti el manantial rebosa del amor y el sentimiento,
Fuentes en donde el poeta apaga su sed divina,
Sé tu mi musa y contaremos sin preguntarle a las gentes
si aman las alegres trovas ó los suspiros dolientes,
si gustan del sol que nace ó buscan el que declina. (O.S., 114)

Cando Rosalía escribe *En las orillas del Sar* era xa unha escritora famosa polos seus libros anteriores, e agora vese asaltada pola vanidade do poeta romántico e quere loitar contra esa “deidade”, aproveitando para criticar a aqueles que se teñen por “xenos e sabios”:

En incesante encarnizada lucha,
En pugilato eterno,
Unos tras otros al palenque vienen

Para luchar seguidos del estruendo
De los aplausos prodigados siempre
De un modo igual a todos.

Todos genios
Sublimes e inmortales se proclaman
Sin rubor; más bien presto
A ruido de la efímera victoria
Se sucede el silencio. (O.S., 656)

O tema da gloria repítese en varios poemas deste libro, pero Rosalía acaba renunciando a ela, en favor do silencio e da tranquilidade de espírito:

Yo prefiero de ese brillo de un instante
La triste soledad donde batallo,
Y adonde nunca a perturbar mi espíritu
Llega el vano rumor de los aplausos. (O.S., 656)

¡Oh gloria, deidad vana cual todas las deidades,
Que en el orgullo humano tienen altar y asiento,
jamás te rendí culto, jamás mi frente altiva
se inclinó de tu trono ante el dosel soberbio. (O.S., 656)

Temática

Para a análise dos elementos femininos nos poemas rosalianos, escollín seis temas representativos das súas dúas obras galegas: o amor, a soedade, a muller, a auto-crítica, a moralidade e a denuncia social.

O amor

Sobre o tratamento do tema amoroso na obra de Rosalía, Marina Mayoral (6) danos abundantes e atinadas explicacións coas que estamos de acordo, soamente nos compre engadir algo sobre os aspectos femininos que atopamos neste tema.

A concepción do amor en Rosalía é a dun amor trágico. Fálasenos do "bo amor" como un amor espiritual, baseado exclusivamente nos sentimentos, un amor non carnal. Pero este amor é fuxidío, imposible, e acaba sempre en desengano e producindo dolor. Nos textos rosalianos existe unha fatalidade, que impide a durabilidade da relación amorosa. Os protagonistas das súas novelas son auténticas vítimas dunhas relacións amorosas dramáticas, nas que o amor non ten posibilidades de sobrevivir. Este fatalismo amoroso pode estar causado pola separación dos amantes, tema tratado nalgúns poemas de *C.G.* e *F.N.*, pero, na maioría dos casos, o sufrimento reside na mesma relación amorosa. Os personaxes namorados na obra de Rosalía son seres desgraciados,

(6) Mayoral, Marina, *La poesía de Rosalía Castro*, Ed. Gredos, Madrid, 1974, pp. 109-155.

aínda no caso de que o seu amor sexa correspondido, porque están desacougados, son escravos do amor:

Era delor y era cólera,
era medo y aversión,
era un amor sin medida,
¡era un castigo de Dios! (F.N., 436)

O tema amoroso é recorrente na poesía romántica; tamén Becquer se lamenta do amor non correspondido, pero, neste poeta o tratamento do tema é moi diferente ó que fai Rosalía. Nas *Rimas* existe un culpable ó que acusar: a muller, á que se inculpa cunha extensa adxectivación negativa, só salvable polo feito de ser fermosa. Tamén nas *Rimas* o amor é un imposible, “un fantasma incorpóreo”, pero a fatalidade becqueriana é ben diferente da fatalidade dramática rosaliana. Becquer non busca como Rosalía á persoa humana, busca un “soño”. O poeta romántico foxe do concreto, do tanxible, a amada é un misterio, representada como “leve bruma”, “cinta de branca espuma”, “ondas de luz”...

A diferenza fundamental entre estes dous poetas, que as historias da literatura soen incluír nun mesmo apartado, reside en que a nosa escritora fala de situacións amorosas reais, vividas ou aprehendidas, con personaxes definidos e concretos, que, ás veces, chama polo seu nome. Moitas das situacións que Rosalía describe nos seus poemas e na mesma narrativa, responden a pasaxes e sentimentos da propia autora, como ben di Marina Mayoral (7). O biografismo é, pois, unha característica da literatura de Rosalía Castro.

Nesta forma personal con que trata o tema amoroso, fronte ós poetas románticos é onde, para min, se manifesta a feminidade do texto. O realismo e a recreación das propias experiencias é unha característica da literatura de mulleres.

E dentro do tema amoroso, un elemento propio da feminidade, xa indicado por M. Mayoral, é a fidelidade amorosa da muller co home que a traiciona

—Cal se pisan as herbas, él pisoúte...
¡Odiate!... ¿E n'o odiarás?
—Anque m'odie, e me pise, e me maldiza,
heillo de perdoar.
— ¡Mal haya á tua constancia, pobre tola,
y a tua lealtad. (F.N., 537)

A concepción da fidelidade amorosa da muller, sometida ós caprichos do home, perdoando sempre aínda que sexa despreciada, é un elemento que, por reflexa-la conduta dunha maioría de mulleres, aparece con frecuencia na Rosalía novelista.

Como unha consecuencia desta fidelidade da muller, a pesar de todo, o matrimonio en lugar de ser, na literatura rosaliana, un estado de benestar para os amantes, represéntase como un estado de insatisfacción e sufrimento:

(7) *Op. cit.*, p. 154.

Celicios, cantos poder;
penitencias, a Dios dar;
mais santo n'houbó, a meu ver,
que dos casados quixer
ca pesada cruz cargar. (F.N., 496)

—Un verdadeiro amor é grande e santo,
dos encantos, encanto,
i é doce..., doce antre as dozuras todas.

—Seica por eso, tanto
tras unhas i outras modas,
dalle por empachar, anque ben sabe,
—¿Por máis que acabe en bodas?

Anque en bodas acabe;
pois coma todo doce, miña vida,
—i esta é cousa sabida
como que queima o fogo
canto máis come un del
repuna logo. (F.N., 460)

A soedade

Tamén este tema da soedade, tan tónico no romanticismo, está tratado na obra da nosa autora coa orixinalidade propia dunha muller.

Para os primeiros románticos españois, Zorrilla ou Espronceda, a soedade é un valor, búscana e complácense na súa convivencia, porque a súa atmósfera permítelle libera-la imaxinación acalorada que os domina. Os últimos románticos, como Becquer, buscan tamén a soedade para acollerse ó ambiente bretemoso, de penumbra que esta provoca; a soedade facilita as aparicións misteriosas (8).

Rosalía, poetisa en galego, está invadida pola soedade a pesar seu. Dominada pola anguria hai ocasións en que tamén nos seus poemas se busca a soedade, pero nunca coa finalidade de provocar misteriosas evocacións senón para fuxir dun entorno que lle resulta alleo. Tanto Rosalía como as súas criaturas poéticas acollen a soedade cando se ven invadidas pola tristeza, que soe ter unha causa concreta:

Dóime de dor ferida,
que antes tiña vida enteira
i hoxe teño media vida.

(...)

Que os amores xa fuxiron
as soidades viñeron...

De pena me consumiron. (C.G., 299)

Nesta outra poesía, a autora síntese tan soa que agradece a compañía das cousas máis insignificantes:

(8) Vid. Ciplijauskaite. *op. cit.*, pp. 28-29.

Y ô fin soya quedéu, pero tan soya,
qu'oyo d'a mosca ò inquieto revoar,
do ratiño ò roer terco e constante,
e d'o lume ò "chis-chas",

(...)

Parece que me falan, qu'os entendo,
que compañía me fan;
y este meu corazón lles di tembrando:

"¡Por Dios..., non vos vayás!"

¡Qué dõce, mais que triste,
tamén é a soedad! (F.N., 427)

¡Que tristeza tan doce!

¡Qué soidá tan prácida!

¡Mais pra un alma en orfandá sumida,
qué soidá tan deserta e tan amarga! (F.N., 557)

A soedade rosaliana non me parece un motivo literario típico do romanticismo, senón o froito dunhas vivencias que aínda seguen a ser un misterio. A utilización da figura de Rosalía como símbolo da "patria galega" dificultou o achegamento con bases obxectivas á problemática que plantean moitos dos seus poemas. Asimilouse á poesía romántica española partindo das súas novelas e do último libro *En las orillas del Sar*.

A muller

A concepción da muller na literatura foi cambiando ó longo das diversas etapas literarias: obxecto de veneración, de placer, protectora da familia... En contadas ocasións foi a propia muller quen falou de si mesma, do que sentía e do que pensaba.

Na poesía romántica máis próxima a Rosalía a muller aparece como culpable do mal que invade ó poeta; preséntana como un axente maligno que envelena o mundo coa súa beleza, a muller é un motivo de sufrimento. Esta concepción non era nova na literatura, parte da idea da muller transmitida pola tradición xudeo-cristiá.

Rosalía, fronte a esta visión literaria, dálle a palabra ás mulleres, non soamente polo feito evidente de que ela sexa unha muller e fale dende a súa situación, manifestando os seus propios sentimentos, nas obras poéticas de Rosalía aparecen mulleres de carácter e vidas diferentes, que expresan as súas ansias e sentires máis simples. A autora está capacitada en maior medida có home para comprende-la vida doutras mulleres. Así, ó longo dos seus libros *Cantares* e *Follas* van aparecendo mozas ledas, vellas faladoras e experimentadas, amantes traicionadas que nos falan das súas in-
quedanzas...

Por exemplo neste poema, Rosa dóese do mal que lle causou o seu mozo Mauro.

Des que te quixen, ingrato,
tod'acabou para min,
qu'eras ti para min todo,
miña gloria e meu vivir.

¿De qué, pois, te queixas, Mauro?
 ¿De qué, pois, te queixas, di,
 cando sabes que morrera
 por te contemplar felís?
 Duro crabo me encrabaches
 con ese teu maldesir,
 con ese teu pedir tolo
 que non sei que quer de min, (C.G., 274-275)

Nestoutra, unha vella con experiencia da vida dá consello a unha moza. Qué lonxe están estes poemas tan simples e sinceros da finxida emotividade romántica queixándose dun amor en abstracto.

—Que te libren de ti mesma,
 pídelles a Dios, repariga,
 que somos nós para nós
 as lurpias máis enemigas. (C.G., 278)

Aquí hai un diálogo entre dúas mulleres, a Virxe e unha costureira; a virxe facendo de nai recrimina á costureira porque quere que lle aprenda a bailar e non pensa en traballar. A rapaza, enfadada, insulta á Virxe. Este tratamento tan coloquial entre estas dúas mulleres amosa unha mentalidade sinxela e popular, que na época romántica soamente podía saír dunha pruma feminina.

— ¡Ay, que Santasa
 ¡Ay, que Santona!
 ollos de meiga,
 cara de mora,
 por n'ei de porche
 o meu collar,
 xa que non queres,
 xa que non sabes
 adeprenderme
 a puntear. (C.G., 286)

En *Follas Novas* a muller cuestiónase a si mesma, “¿que me pasa?”, unha pregunta íntima de difícil resposta:

¿Qué pasa ô redor de min?
 ¿Qué me pasa qu'eu non sei? (F.N., 423)
 Eu sô non digo nada,
 Eu sô nunca sospiro,
 qu'ô meu corpo de terra
 Y ô meu cansado esprito,
 adondequer qu'eu vaya,
 van comigo. (F.N., 423).

É a propia muller a que se lamenta de que o paso do tempo vaia marchándolle

a beleza, un dos elementos máis valorados polos demais. Este tema, recorrente na literatura desde a Idade Media, foi cantado sempre por escritores.

Agora cabelos negros,
máis tarde cabelos brancos;
agora dentes de prata,
mañán chavellos querbados;
hoxe fazulas de rosas,
mañán de coiro enrugado.

Morte negra, morte negra,
cura de dóres e engaños,
¿por qué non mata-las mozas
antes que as maten os anos? (F.N., 497)

O feito de que Rosalía nos fale, coa visión dunha muller, que coñece os problemas propios e alleos, observando e vivindo situacións reais do mundo galego, apórtanos unha visión feminina do tema da muller.

Autocrítica

En xeral, os escritores soen ter en alta estima a súa produción literaria e, con frecuencia, queíxanse da crítica pouco favorable ás súas obras. O poeta romántico considérase aínda moito máis xenio cós escritores doutras épocas, e mantén unha actitude de superioridade respecto ós máis. Considérase un incomprendido por parte do común dos mortais, manifestando un despreco polos "vulgares lectores".

Rosalía, lonxe de aparecer con esta superioridade, manifesta en moitas ocasións unha fonda inseguridade diante dos lectores. Xa indicamos como a sumisión ós esquemas literarios en voga no século XIX, que asignaban á muller escritora un tipo de literatura bucólica, chea de sentimentos idealizados sobre a natureza e o amor, fai pensar a Rosalía sobre a súa feminidade escribindo algo tan diferente ó que lle correspondía polo seu sexo. Revela unha actitude tan humilde que varias veces nas obras galegas cuestiona a súa forma de escribir e dubida do valor dos seus poemas. Esta actitude, tanto se parte dunha auténtica sinceridade, como se é o resultado dunha falsa modestia, soamente pode ser característico das mulleres. Pois estas ó participaren dun mundo, que lles resulta alleo, entran humildemente pedindo disculpas polo seu atrevemento.

Rosalía en varios dos seus poemas fálanos sobre o que escribe, ben interrogándose sobre a finalidade da súa obra:

E ben, ¿para qu'escribo?
e ben, porqu'así semos,
relox que repetimos
eternamente o mesmo. (F.N., 421)

ben porque escribindo non pode expresa-lo que sente en realidade:

e escribo..., escribo, ¿para que? ¡Volvede
 ò máis fondo da yalma
 tempestosas imaxes!
 ¡Ide a morar c'as mortas relembranzas!
 Qu'a man tembrosa n'ó papel sô escriba.
 "Palabras" e "palabras" e "palabras"!
 Da idea a forma inmaculada e pura,
 ¿ónde quedóu velada? (F.N., 429)

A idea de que os seus versos son tristes e de que non dan conta exacta dos seus sentimentos é insistente nos versos rosalianos. Gustaríalle escribir algo máis doce, máis alegre pero non pode facer máis ca eses versos amargos:

Ando buscando almibres qu'almibaren
 estos meus agres versos,
 Y eu non sei cómo, nin ónde, sempre
 se lles atopa un fero. (F.N., 429)

Diredes d'estos versos, y é verdade,
 que tén estraña insólita armonía,
 que n'eles as ideas brillan pálidas
 (...)

Eu direivos tan sô qu'os meus cantares
 así sán en confuso d'alma miña. (F.N., 422)

Nestas poesías volve sobre o mesmo tema, pero na segunda delas cambia a amargura polo humor para falar dos seus versos:

"¡Follas Novas!", risa dame
 ese nome que levás,
 cal s'a un-ha moura ben moura
 branca ll'oise chamar. (F.N., 422)

Fas uns versos..., ¡ay, qué versos!
 pois cal eles non vin outros,
 todos empedregullados
 e de cotomelos todos,
 parecen feitos adrede
 para lerse a sopramocos. (F.N., 498)

No seu último libro, *En las orillas del Sar*, volve Rosalía sobre o mesmo tema, pero esta vez seguindo a liña becqueriana. Nesta obra sométese á disciplina romántica tanto na forma dos poemas coma no fondo; aquí atopamos, por exemplo, cantidade de términos recorrentes na literatura romántica:

Mas la palabra, en vano,
 Cuando el odio ó el amor llenan la vida,
 Al convulsivo labio balbuciente
 Se agolpa y precipita.
 ¡Qué ha de decir!; desventurada y muda,
 De tan hondos, tan íntimos secretos,

La lengua humana, torpe, no traduce
El velado misterio. (O.S., 647)

Pero mesmo nesta obra súa tan en liña coa poesía de Becquer, Rosalía, fronte á concepción romántica, considera a poesía como unha doenza de espíritos febles:

Vicio, pasión, ó acaso enfermidade do alma,
Débil á caer volve sempre en la tentación.
Y escribe como escriben las olas en la arena,
El viento en la laguna y en la neblina el sol. (O.S., 655)

A moralidade

A vida da muller está sometida máis cá do home á súa condición de ser moral; a educación tradicional reprimiuna e fíxoa culpable de certas actitudes morais. Así pois, ten un sentido agudizado do pecado, fundamentalmente no eido amoroso, e mantense temerosa do castigo que impoñen as leis morais, diante das que se sente responsable.

Este tema xa aparece en varios poemas de *Cantares Gallegos*, aínda que neste libro está tratado con moita inxenuidade:

— Mais en tanto ti dormías
contenteime con mirarte,
qu'así sorrind'entre soños
coidaba qu'eras un anxel,
e non con tanta pureza
o pé d'un anxel velase.

— Así te quero, meu ben,
com'un santo dos altares;
mais fuxe..., qu'o sol dourado
por riba dos montes saye.

— Irey, mais dame un biquiño
antes que de ti m'aparte;
qu'esés labiños de rosa
Inda non sei como saben.

— Con mil amores chó dera,
mais teño que confesarme,
e moita vergonza fora
ter un pecado tan grande. (C.G., 280)

Díxome nantronte ó cura
qu'é pecado...
Mais aquel de tal fondura
como ó facer desbotado.
(...)
¡Que pecado..., miña almaña!

Máis que sea,
 ¿cál non vay, s'é rapaciña,
 buscando ó que ben desea?
 Nin podo atopar feitura,
 nin asento,
 que m'está dando amargura
 sempre este mal pensamento.

(...)

E non me namora non,
 ¡maldizoado!
 Mentres o meu corazón
 quérelle aunque sea pecado. (C.G., 295 e ss.)

A figura do moucho, acórdalle ó demo a unha muller chea de remorsos:

Aquel moucho alí fincado
 cal si fose o mesmo demo,
 fito a fito me miraba
 có seus ollos rapiñeiros,

(...)

En el remórsos había
 d'amoriños pecadentos...
 ¡Ay, quen te d'esos amores
 non pod'achar bon sosego! (C.G., 311)

En *Follas Novas* a conciencia moral é máis dramática. Xa non son remorsos por unha noite de amor ou por un simple desexo amoroso, aquí preséntansenos situacións anguriosas:

Tal brasfemei, sin medo nin coidado
 ¡Tola de min, cegábam'o pecado! (F.N., 517)

A luz d'ó día asómbreme, pásmame á das estrelas,
 y as olladas d'os homes n'a yalma me penetran.

Y é qu'o que dentro levo de min, penso que ô rostro
 me sai, cal sai d'o mare ô cabo un corpo morto.

¡Houbëra, e que safra!...; mais non, dentro te levo,
 ¡fantasma pavoroso d'os meus remordementos! (F.N. 462)

Na seguinte poesía o dramatismo sobe de ton:

Honra que tanto estimei,
 santidad do meu lar...

¡Pol-o meu amor vos deixo
 para toda á eternidá!

¡Señor!..., daresme castigo,
 qu'o merezo ben o sei;
 a sufrilo cabo d'él. (F.N., 472-473).

Denuncia social

Os románticos insistiron moito na imaxinación, nos mundos fantásticos cheos de personaxes misteriosos. Na súa poesía, Rosalía nunca fantasea; parte sempre da realidade e mantense nela. Pero un dos temas de máis realismo da súa poesía é a denuncia que fai de certos aspectos do mundo campesino galego, do que teñen que emigra-los seus habitantes a causa da extrema miseria na que viven. Rosalía non imaxina, observa o seu redor e logo describe e protesta:

Vendéronll'os bois,
vendéronll'as vacas,
o pote d'o caldo
y a manta d'a cama.

Vendéronll'ò carro
y as leiras que tiña,
deixárono soyo
c'o á roupa vestida. (F.N., 527)

Cando foi iba sorrindo,
cando veu, viña morrendo
a luciña d'os meus ollos,
o amantiño do meu peito.

Aquel, mais que neve branco,
aquel de doçuras cheyo,
aquel por quen eu vivía
e sin quen vivir non quero.

Foi a Castilla por pan
e saramagos lle deron;
déronlle fel por bebida,
peniñas por alimento. (C.G., 352)

Nestes poemas, como noutros que poderíamos poñer, atopamos unha Rosalía atenta a problemas que saen do seu “ego conflictivo” e do seu fogar, problemas que exceden a órbita particular; son problemas sociais contemplados dende unha perspectiva humanitaria. Quizais é, precisamente, neste grupo de poemas “sociais” no que os críticos da obra da nosa autora se basearon para afirmar que a súa poesía era rexa, varonil, pouco adecuada a unha sensibilidade feminina. Eu penso, en troques, que aquí Rosalía é verdadeiramente auténtica muller, e como tal, máis feminina. Os poemas de denuncia social denotan unha exquisita sensibilidade para capta-las dores dos máis. E o tratamento que se fai do tema concorda mellor cunha observación baseada nos sentimentos ca en olladas racionais. Tomando como exemplo o poema “Castellanos de Castilla”, vemos como a autora vai describindo con tenrura o proceso de deterioro dos galegos que van traballar a Castela; individualizados nun mozo, “máis que neve branco”, alterna as estrofas en que se lamenta polo maltrato do ser querido coas estrofas nas que arremete contra Castela e os casteláns. Soamente unha sensibilidade femi-

nina podía constituí-los poemas dese xeito, cun realismo tan coloquial e tan plástico, dunha gran autenticidade. Rosalía non viviu atormentada por ideas metafísicas, como se ten dito, senón por realidades, propias e alleas.

A nosa autora amósasenos, pois, como unha poetisa romántica completamente orixinal no tratamento dos temas que acabamos de expoñer. Os poetas románticos, compañeiros de xeración, estaban lonxe de falar dos seus remorsos, porque eles estaban por riba dos demais e calquera culpa era sempre dos outros. Ningún poeta romántico mirou tampouco á xente do seu redor coa espontaneidade feminina con que os mira Rosalía.

Conclusión

Na obra de Rosalía apenas atopamos referencias ó mundo doméstico. Na súa narrativa hai longas descrições do moblaxe das casas, pero nunca se mete na cociña para ofrecérno-lo repertorio dos obxectos que alí se utilizan ou para falarnos das comidas, e poucas veces se detén a describi-los instrumentos de costura que empregan as mulleres nas tertulias. Certamente o mundo doméstico non atraía o interés da nosa autora. En troques no que si se detén, fundamentalmente na narrativa, é na descripción dos vestidos que levan os seus personaxes en cada escena.

Atopamos algunhas referencias a obxectos domésticos nos poemas narrativos:

atopei *fariña munda*

(...)

nun puñiño a todo dar.

Vino no fondo da *artesa*

(...)

Arrimeí *o pote* ó lume

con auga pra quentar

(...)

Fixen *un caldo* de gloria

que me soupo que la mar;

fixen *un bolo d'o pote*

qu'era cousa d'envidiar; (F.N., 502)

Cocouse unha gran fornada

de millo branco qu'albea,

con mixtura de centeo

Y un-ha pouca de *manteiga*.

Parece *biscoito* a *broa*. (F.N., 507)

Tecín soya a miña tea,

sembréi soya è meu nabal,

soya vou por leña ò monte,

soya a vexo arder n'ò lar

(...)

Ferve o pote..., mais, *meu caldo*,

soiña t'hei de cear. (F.N., 536)

Tampouco Rosalía recrea escenas do seu pasado, todo o que fai é describir algún dos lugares nos que viviu, que para ela merecen un recordo especial. Neses casos danos conta da materialidade ou da natureza do lugar, que noutro tempo amou, chea de emotividade, como podemos ver nos poemas de *Follas Novas*: “Padrón, Padrón” (p. 460), “Na catedral” (p. 432), “O pazo de A...” (443). Neste último poema, Rosalía despois de describírnolo exterior do pazo á caída da tardiña, parece como se se arrepentise de volve-los ollos ó pasado e remata:

¿Quen o pasado volve
os ollos compasivos?
¿Quen se lembra d'os mortos
S'inda non poden recordarse os vivos?

A ausencia de referencias ó pasado é característico da obra de Rosalía, dános a impresión de que intenta fuxir dun tempo pouco grato:

Algũs din: ¡miña terra!
Din outros: ¡meu cariño!
Y este: ¡miñas lembranzas!
Y aquel: ¡os meus amigos!
Todos sospiran, todos,
por algún ben perdido
Eu sò non digo nada,
eu sò nunca sospiro,
qu'ò meu corpo de terra
Y ò meu cansado espírito,
adondequer qu'eu vaya
van connigo. (F.N., 423)

Para concluir direi que a poetisa auténticamente feminina é a autora de *Cantares Gallegos* e de *Follas Novas*. Entre esta Rosalía e a autora de *En las orillas del Sar* atopamos grandes diferencias. Nos libros galegos Rosalía é unha autora pouco romántica, máis sincera, máis espontánea, e, desta forma, os rasgos característicos da súa femiñidade están máis perfilados, son máis evidentes. Quizais a utilización dun idioma como o galego lle faga expresarse con máis autenticidade, tal como era: unha muller chea de prexuícios de conflitos sentimentais, e cunha actitude crítica ante o mundo.

Nas súas obras en castelán Rosalía non é que deixe de aparecer como muller, senón que, preocupada por facer unha poesía segundo os modelos románticos (Espronceda en *La Flor*, Becquer en *En las orillas del Sar*), desdibuxa as súas propias características.